

Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade

do 2 de marzo de 2017

Asistentes:

Arribas Álvarez, M.Carmen
Eguileta Franco, José M^a
Garrido Labrador, Begoña
López López, Marta
Presedo Garazo, Antonio
Reboreda Morillo, Susana
Vaquero Díaz, Beatriz

Desculpan a súa ausencia:

Comendador Rey, Beatriz
López Díaz, María (Ano
sabático)
Real López, Arturo
Sánchez Ferro, Pablo

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Comisión de Calidade, o xoves 2 de marzo de 2017, ás 17.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 27 de febreiro de 2017:

- Lectura e aprobación da acta anterior (23 de xaneiro de 2017)
- Informe da Decana
- Preparación visita da Comisión Avaliadora da renovación da acreditación do título de Grao en Xeografía e Historia
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación da acta anterior (23 de febreiro de 2017)

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe da Decana

- Escusa a ausencia de María López (ano sabático), Pablo Sánchez (motivos persoais), Arturo Real (viaxe de estudos) e Beatriz Comendador (motivos persoais).
- A decana comenta que debido á proximidade da anterior xuntanza da Comisión de Calidade, non se produciron novidades das que informar.

3. Preparación visita da Comisión Avaliadora da renovación da acreditación do título de Grao en Xeografía e Historia

A decana explica que vai mostrar un borrador dunha presentación en power point que inclúe unha descrición dos inicios do centro e do título e un breve resumo do que cre máis importante salientar e quere que os membros da comisión sexan o máis críticos posible e aporten todas as suxestións posibles.

Despois do visionado a coordinadora do grao, a profesora Beatriz Vaquero, expón que a información da 1ª diapositiva é excesiva e que entende que non hai que remontarse tanto no tempo; da 2ª pensa que a foto debe ser máis pequena e o texto máis grande e con máis interliñado.

Todos os membros coinciden que este último aspecto sobre o textos debe aplicarse a todas as diapositivas.

A representante da sociedade, Begoña Garrido, suxire ademais que non se xustifique, queda mellor o texto centrado ou xustificado só a esquerda.

O profesor Antonio Presedo comenta que a taxación do tempo de exposición débese a que a Comisión quere que se sintetice e nos centremos nos aspectos máis significativos.

A representante dos egresados, Marta López, plantexa a posibilidade de comezar co vídeo, que é moi atractivo, non é moi longo e non todos os centros dispoñen dun elemento deste tipo para captar a atención da Comisión.

A coordinadora do grao recomenda que na diapositiva das prácticas externas, non se inclúa tanto texto, substituíndo o nome das entidades polos ámbitos nos que se realizan as prácticas. Deste xeito quedaría evidente a relación entre as áreas e o carácter xeralista do noso grao, favorecendo as saídas profesionais.

O representante da sociedade, José Mª Eguileta, comenta que ve útil manter a evolución histórica, para que quede en evidencia o esforzo que supuxo a

transformación do Colexio Universitario pertencente á USC á Facultade de Historia pertencente á UVigo.

A coordinadora do grao comenta que os cambios da memoria poderían ir máis esquemáticos, incluíndo un cadro ou frechas.

A alumna egresada di que sería moi interesante recalcar o tema das aulas e-Meeting e poñer unha imaxe dunha aula na presentación.

José M^a Eguileta pregunta se non se poderían adiantar nesta presentación, algunhas das respostas a temas que poden preguntar os avaliadores. A decana lle contesta que cre que as que non son de carácter xenérico, deben ser contestadas polos coordinadores ou responsables da área en cuestión.

A alumna egresada explica que se poden poñer carteis co nome, cargo ou representación, de cada un dos que participan nas xuntanzas coa Comisión Avaliadora, xa que iso facilita moito o desenvolvemento das sesións.

Begoña Garrido comenta que na diapositiva das accións desenvolvidas, en relación a campañas de difusión, pódese incluír unha foto dun centro de secundaria ou do stand co que se participou na difusión de títulos no campus de Vigo.

Repasando as cuestións de interese formuladas pola Comisión Avaliadora noutros procedementos, a decana comenta que en canto á Comisión de Calidade, ela explicará a súa operatividade, xa que todo se valida na comisión en cuestións de docencia, planificación dos horarios, guías docentes, etc. Tamén sinalará a accesibilidade da información na web e a súa transparencia. Ademais coméntalle á coordinadora do grao a idoneidade de que ela leve o tema das guías docentes, coordinación do título, de áreas e de materias e no perfil de coordinadora das prácticas, todo o relativo á súa planificación e desenvolvemento. O profesor Antonio Presedo, como colaborador da Comisión de Calidade do centro, encargárase dos resultados e das taxas. En relación con este aspecto e a baixa taxa de graduación que temos, a coordinadora do grao pensa que o profesorado en xeral, está a considerar o TFG como unha tesina, polo que o alumnado ten demasiado respecto a esta materia que debe defender ante un tribunal, por iso se atrancan e non o presentan no tempo que deberían. O profesor Antonio Presedo pensa que tamén é un tema xeracional. Seguindo coa distribución de tarefas, solicitouse ao coordinador do TFG, o profesor Julio Prada, a súa asistencia na xuntanza coa Comisión de Calidade, para informar sobre as cuestións desta materia.

Respecto á selección das persoas que nos solicitarán dos distintos colectivos da facultade, acórdase chamar á Directora da Biblioteca do campus como empregadora, xa que alí fan prácticas algún do noso alumnado. José M^a Eguileta postúlase tamén como representante dos empregadores, como observador final, xa que está a facer un seguimento a varios arqueólogos en distintas intervencións, como aplicación dos coñecementos e a súa integración profesional. Tamén se acorda que Begoña sexa representante dunha empresa empregadora, polo seu perfil empresarial.

Tanto entre o alumnado como entre os egresados, acórdase contactar con distintos perfís para poder ter unha mostra representativa.

4. Rolda de intervencións

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 19.00 horas, e de todo dou fe como secretaria

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez